



PALLOZA–MUSEO CASA DO SESTO

Isolina Rodríguez

Nos anos 70 e 80, do século pasado, a xente que viña visitar Piornedo marchaba coa idea de que a vida nas pallozas era moi dura, que se pasaban moitas calamidades, que eran casas sucias, inhóspitas, insalubres e estrañábanse de que puidera vivir xente en semellante lugar. Os habitantes mostraban o mesmo resentimento cara ás casas de sempre e querían tiralas para facer un horto ou unha casa de ladrillo coa intención de esquecer e agochar una historia persoal e social que, aos ollos do mundo exterior, resultaba vergoñenta. A miña experiencia, por ter vivido na infancia nunha palloza non me producía eses sentimentos de rexeitamento, pola contra, a “casa vella” traíame recordos de fogar quente e acolledor, de familia, de veciños na *polavila*, de parola, etc.

Empecei a matinar, por aquel tempo, na posibilidade de facer algo para recuperar a dignidade desas casas e



da forma de vida que representaban. Por outra parte, sempre me pareceu que as cousas non se poden illar, que forman parte dun todo: a forma de vida, a lingua, os traballos, os contos, a música.

Pensei que se se a xente que viña a Piornedo podía ver as casas como realmente eran, coidadas, co lume acceso, coas ferramentas e útiles que se usaran ao longo do tempo e todo iso se explicaba con cariño estaríamos contribuindo á conservación das casas, da cultura e a poñer as cousas no seu sitio.

No ano 1988 puxémonos man á obra, sen ningún tipo de axuda nin asesoramento institucional, exclusivamente coa axuda da familia e cunha idea na cabeza.

O meirande apoio veu de parte de Fuco, un ferrolán que é a miña parella dende hai moitos anos, que estivo disposto a abandonar un traballo fixo por un soño compartido. Sen darlle moitas voltas ao asunto deuse de alta como autónomo e decidiu montar un obradoiro de cerámica e dedicar o seu tempo ás dúas actividades: a elaboración e venda de agasallos de barro e a tarefa de guía no que demos en chamar Palloza-museo Casa do Sesto.

Tiveron que pasar anos, custou traballo loitar cos de dentro: “eí tein todos os trastes de antes”, e cos de fora: “no me puedo creer que tú hayas vivido aquí”. Hoxe as pallozas van collendo o sitio que lles corresponde na historia, nas tipoloxías construtivas e a xente da zona volve a quererlles mais, a recoñecerlles algunhas virtudes que naquel tempo non lles recoñecían: illamento térmico, espazos facilitadores da socialización...



que ten a colección; mesmo as persoas que viviron en contornos parecidos poden comparar, comentar, preguntar etc. e, unha vez experimentado, cada vez nos gusta mais este intercambio. Como a cantidade de visitantes é pequena podemos, agás algún día de Semana anta ou do verán, interactuar en pequenos grupos.

A nosa é unha pequena colección, privada e familiar. O que nos distingue é, se cadra, algo que podemos chamar a contextualización: as cousas están no seu sitio de sempre (as cazolas, a lacena, a trabela...) na mesma casa na que me criei e se criou meu pai, miña avoa, meu bisavó...

Tamén imos dándonos conta de que os anos pasan e que, rapidamente, se van perdendo os traballos e os saberes tradicionais e empezamos a querer aprender a facer, non todas as cousas que sabían facer nosos pais, pero si moitas delas. As pallozas sen eses coñecementos non teñen razón de ser.

Por iso de querer recuperar saberes algúns días poderedes vernos no museo tecendo no tear ou fiando, facendo cestos e *marñois* ou mangando un podón.

As pallozas son a esencia de Piornedo e da alta montaña de Lugo. Achégannos a una realidade cultural e conéctannos cunha forma de vida tradicional tan arcaica como harmónica, que se esborallou rapidamente polo desprestixio e a introdución de elementos foráneos.

Pouco a pouco as visitas á palloza museo vanse consolidando, aparece en INTERNET, xa todo o mundo sabe que son casas con cuberta de palla nas que vivían as familias e os animais e que a palla é un gran illante que axuda a manter unha temperatura constante no inverno e no verán. No ano 2007 obtivemos o recoñecemento oficial ao declarar o Consello da Xunta a palloza como colección museolóxica, co aval do Consello da Cultura Galega e do Museo do Castro de Viladonga.

Ao longo do tempo, tamén fomos vendo que é preciso guiar ao visitante; empezamos cun pouco de medo porque non somos especialistas, só explicabamos se nos preguntaban, pero comprendemos que nada mellor que a práctica para ensinar o que foi a nosa casa e que a experiencia propia é un dos mellores valores




É preciso que se manteñan os saberes básicos que serven para conservar a propia casa.

Queremos reiniciar o proceso de traballo do pan (centeo), recuperar as tarefas, que xa case non se fan na zona e, de paso, aproveitar a palla para teitar. Imos

empezar por sementar centeo, conxuntamente con outros dous veciños, xa temos adquirida unha máquina de segar e unha máquina de mallar antiga. Tamén teremos que escolmar e acabaremos o proceso cocendo.

Como somos poucos, contamos coa axuda dos amigos e esperamos que haxa voluntarios que queiran aprender e colaborar.

Sería un soño que dentro duns anos algunha xente na zona se dedicara a facer estes traballos, para que quedaran recursos na zona á vez que se mellora e incrementa a restauración de todos os teitos de palla que aínda se conservan.



Intentamos recoller en vídeo, (gravacións domésticas) traballos tradicionais como facer cestos, galochas, urdir no tear, facer malles..., pero pensamos que estas recompilacións deberían facerse de forma mais



Centrámonos tamén bastante na música da zona e temos gravacións de tocadoras de pandeira e de cantadoras e cantadores, algunha propias e outras de amigos e coñecidos. Xa vai sendo algo tarde pero, buscando, aínda hai campo para a investigación.



profesional. Con esta idea, no ano 2010, por primeira e única vez, elaboramos un proxecto e solicitamos unha subvención para realizar gravacións deste tipo, pero nunca recibimos resposta e continuamos coas recompilacións elementais que están na nosa man.

Nas fotos aparece decote meu pai, Albino, do que sempre estamos aprendendo porque é unha auténtica

enciclopedia da tradición, un home con coñecementos e experiencia en todos os oficios necesarios para ser autárquico: labrego, galocheiro, carpinteiro, teitador, ferreiro, cesteiro, etc... todo iso resumíase nunha simple expresión: "é un home mui curioso".

E miña nai non ía ser menos: labrega, costureira, tecedora (coas espetas e co tear), fiadora, hortelá, ademais das labores da casa, a cociña, os nenos... ¡As mulleres de antes!

Todos eses traballos e saberes fan que tamén teñamos moitos aparellos e ferramentas na casa e nocións básicas do uso de cada un deles.

Hai outras experiencias que nos parecía interesante compartir con aquela xente que queira profundar no coñecemento da vida na montaña e ocorréronsenos dúas actividades complementarias que estamos a ofrecer xa, pero non espertan moito interese:

- Rutas etnográficas: pequenas saídas guiadas polo contorno. Nestas excursións ademais de admirar as belezas da paisaxe e a riqueza da flora explicamos o

uso das terras e do monte e os traballos tradicionais do pastoreo e dos cultivos e adentrámonos un pouco nos contos e lendas que recolleemos da tradición oral.

- Polavilas: xuntanzas nocturnas a carón do lume acceso, para contar contos ou cantar, nas que se experimenta coa incomodidade do fume pero tamén cun espazo que propicia a comunicación e a participación de forma moi perceptible.

Temos moitas dificultades para poñer en marcha novas actividades porque non contamos con persoal nin con axudas e dedicámoslle ao museo o tempo libre que nos deixan outros traballos, pero facémolo con total entrega porque este proxecto segue sendo a ilusión da nosa vida.

Oxalá poidamos transmitirle á xeración seguinte o cariño que temos pola "casa vella" (a denominación de pallozas é foránea e moderna) e que a nosa filla atope a forma de encaixar na súa vida a conservación do tesouro dos seus devanceiros.

